



| Guía Docente          |  |                    |                        |           |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                        | 2019/20   |
| Asignatura (*)        | Historia da Lingua Galega e Portuguesa                                       |                    | Código                 | 613G02020 |
| Titulación            | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios                |                    |                        |           |
| Descritores           |  |                    |                        |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                   | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Terceiro           | Obrigatoria            | 6         |
| Idioma                | Galego   |                    |                        |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                        |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |                        |           |
| Departamento          | Letras   |                    |                        |           |
| Coordinación          | Ferreiro Fernandez, Manuel   | Correo electrónico | manuel.ferreiro@udc.es |           |
| Profesorado           | Ferreiro Fernandez, Manuel   | Correo electrónico | manuel.ferreiro@udc.es |           |
| Web                   |  |                    |                        |           |
| Descrición xeral      | Estudo histórico da lingua galega e portuguesa: evolución externa e interna. |                    |                        |           |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.  |
| A2                                  | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.                                    |
| A4                                  | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.   |
| A9                                  | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.  |
| A11                                 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.  |
| A13                                 | Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.  |
| A14                                 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15                                 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.  |
| A16                                 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos.  |
| A19                                 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.  |
| A20                                 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.   |
| A21                                 | Dominar a gramática da lingua galega.   |
| A22                                 | Dominar a gramática da lingua portuguesa.   |
| A23                                 | Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.  |
| A24                                 | Dominar os modelos e técnicas da planificación lingüística.   |
| A25                                 | Coñecer a variación lingüística da lingua galega.   |
| A26                                 | Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa.   |
| A27                                 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.   |
| A28                                 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.   |
| B1                                  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  |
| B2                                  | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.  |
| B3                                  | Adquirir capacidade de autoformación.   |
| B4                                  | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.  |
| B5                                  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |
| B6                                  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |
| B7                                  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.   |
| B8                                  | Apreciar a diversidade.   |
| B9                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.                         |
| B10                                 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |



|    |  |
|----|--|
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |                            |                                  |
|--|-------------------------------------|----------------------------|----------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |                            |                                  |
| Saber analizar e comentar textos de diverso tipo (antigos e modernos, escritos e orais, literarios e non literarios etc.)  | A1<br>A2<br>A9<br>A11<br>A16        | B5<br>B8                   |                                  |
| Ter un dominio avanzado oral e escrito da lingua galega e portuguesa.  | A4<br>A9<br>A21<br>A22              |                            |                                  |
| Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e aplicar os coñecementos lingüísticos á análise diacrónica                             | A11<br>A14<br>A15                   |                            |                                  |
| Coñecer a historia e a cultura de Galiza e dos países de expresión portuguesa e mais a súa situación sociolingüística  | A19<br>A20<br>A23<br>A24            |                            |                                  |
| Coñecer a variación lingüística nos territorios galegófonos e lusófono, e apreciar a diversidade lingüística, social, cultural etc.  | A25<br>A26                          | B8<br>B10                  |                                  |
| Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega e portuguesa, desde a Gallaecia e Lusitania (latín) á actualidade.  | A13<br>A27<br>A28                   |                            |                                  |
| Utilizar recursos bibliográficos de tipoloxía variada e ferramentas tecnolóxicas acaídas para a investigación lingüística e a autoformación.   | A14                                 | B1<br>B2<br>B3<br>B6       | C3<br>C6                         |
| Integrar e relacionar os coñecementos con outras áreas e disciplinas máis ou menos afíns   |                                     | B3<br>B4<br>B5<br>B7<br>B8 | C1<br>C2<br>C6                   |
| Exercer o pensamento crítico, con capacidade de análise e de síntese, orientado a comprender a importancia do coñecemento como motor do avance social e garantía dunha sociedade libre |                                     | B7<br>B9<br>B10            | C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |



| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| 1. Introducción á historia da lingua e á diacronía lingüística. | 1.1. Historia e constitución como disciplina científica. Métodos de análise.<br>1.2. A mudanza das linguas.<br>1.3. A importancia da diacronía nos estudos lingüísticos.  |
| 2. O nacemento da lingua galego-portuguesa.                     | 2.1. Contexto histórico. O latín galaico, os substratos e os superestratos.<br>2.2. Do latín ao galego-portugués.   |
| 3. O galego-portugués medieval.                                 | 3.1. Contexto histórico, social e cultural.<br>3.2. Características lingüísticas e evolutivas desde o latín.  |
| 4. A diversificación do sistema lingüístico.                    | 4.1. O galego: evolución sociohistórica e transformacións lingüísticas.<br>4.2. O portugués continental: contexto sociohistórico, periodización e mudanzas lingüísticas.<br>4.3. O portugués do Brasil: contexto e evolución lingüística.<br>4.4. Outras variedades do portugués. |

| Planificación          |   |   |                         |              |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A1 A11 A13 A19 A20<br>A25 A26 A27 A28 B5                              | 20                                      | 30                      | 50           |
| Obradoiro              | A4 A9 A14 A16 B4 B6<br>B7 B8 B10 C1 C4                                | 15                                      | 30                      | 45           |
| Lecturas               | A2 A4 A9 A11 A14<br>A21 A22 B1 B2 B3 B6<br>B7 C1 C2 C6 C7             | 1                                       | 30                      | 31           |
| Traballos tutelados    | A2 A4 A9 A11 A14<br>A15 A24 B1 B2 B3 B5<br>B6 B9 C1 C2 C3 C5<br>C7 C8 | 1                                       | 10                      | 11           |
| Presentación oral      | A4 A9 A11 A21 A22<br>B3 B4 C1 C7                                      | 1                                       | 6                       | 7            |
| Proba mixta            | A1 A2 A4 A19 A20<br>A23 A25 A26 A27<br>A28 B4 B5                      | 1                                       | 4                       | 5            |
| Atención personalizada |   | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías     |  |
|------------------|--|
| Metodoloxías     | Descrición   |
| Sesión maxistral | Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.   |
| Obradoiro        | Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.<br>Entre estas actividades contémpanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos antigos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos. |
| Lecturas         | Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor, coa correspondente entrega, por parte do alumnado, de resumos e/ou recensións.   |



|                     |   |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, escolleito entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo. |
| Presentación oral   | Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".   |
| Proba mixta         | Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición   |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo. |

### Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados   | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|---|--|---------------|
| Presentación oral   | A4 A9 A11 A21 A22<br>B3 B4 C1 C7                                      | Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.   | 10            |
| Obradoiro           | A4 A9 A14 A16 B4 B6<br>B7 B8 B10 C1 C4                                | Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).   | 20            |
| Lecturas            | A2 A4 A9 A11 A14<br>A21 A22 B1 B2 B3 B6<br>B7 C1 C2 C6 C7             | Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor: será avaliada a través das correspondentes recensións e/u comentarios críticos entregados. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva, así como a calidade lingüística. | 15            |
| Proba mixta         | A1 A2 A4 A19 A20<br>A23 A25 A26 A27<br>A28 B4 B5                      | Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.   | 40            |
| Traballos tutelados | A2 A4 A9 A11 A14<br>A15 A24 B1 B2 B3 B5<br>B6 B9 C1 C2 C3 C5<br>C7 C8 | Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.   | 15            |

### Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado, os cales deberán cumprir unha esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non realizar a proba mixta e/ou cando tiver entregado menos de 50% do número de actividades totais.

Na segunda oportunidade, en xullo, será tida en conta a seguinte distribución: proba mixta (50), traballo tutelado (30), lecturas (20). Se houber convocatoria adiantada de decembro, os criterios de avaliación serán os mesmos que os de xullo.

### Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Brocardo, Maria Teresa (2014). Tópicos de História da Língua Portuguesa. Lisboa: Colibri</li> <li>- Câmara Jr., José Mattoso (1991). História e Estrutura da Língua Portuguesa. Rio de Janeiro: Padrão-Livraria Editora Ltda.</li> <li>- Castro, Ivo (1991). Curso de História da Língua Portuguesa. Lisboa: Universidade Aberta</li> <li>- Castro, Ivo (2006). Introdução à História do Português. Lisboa: Colibri</li> <li>- Cunha, Antônio Geraldo da (1997). Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa. Rio de Janeiro: Nova Fronteira</li> <li>- Ferreira, Manuel (1999). Gramática histórica galega. Vol. I. Fonética e morfosintaxe. Santiago: Laiovento</li> <li>- Ferreira, Manuel (2001). Gramática histórica galega. Vol. II. Lexicoloxía. Santiago: Laiovento</li> <li>- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002). Língua galega: normalidade e conflito. Santiago: Laiovento</li> <li>- Labow, William (2006). Principio del cambio lingüístico, 2 vols.. Madrid: Gredos</li> <li>- Maia, Clarinda de Azevedo (1997). História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / JNICT</li> <li>- Mariño Paz, Ramón (1998). Historia da lingua galega. Santiago: Sotelo Blanco</li> <li>- Mariño Paz, Ramón (2017). Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega. Vigo: Xerais</li> <li>- Monteagudo, Henrique (1999). História social da lingua galega. Vigo: Galaxia</li> <li>- Nogueira, Camilo (2008 [2001]). A memoria da nación: o reino da Gallaecia. Vigo: Xerais</li> <li>- Rivas Quintas, Eligio (2015). Dicionario Etimolóxico da Língua Galega. Santiago: Tórculo</li> <li>- Spina, Segismundo (coord.) (2011). História da Língua Portuguesa. São Paulo: Ateliê Editorial</li> <li>- Teyssier, Paul (1995). História da Língua Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías